

**EXTRACTO DOS ACORDOS SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 6 DE XULLO DE 2015.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUÍÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.  
D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.  
D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.  
D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.  
D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.  
D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**Ausentes:**


D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

Ás dezanove horas e trinta minutos do día 6 de xullo de 2015, xuntáronse na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, en primeira convocatoria e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Rafael Luís Cuíña Aparicio, os concelleiros que enriba se expresan, con obxecto de celebraren a sesión constitutiva e ordinaria da Xunta de Goberno Local.

*Non asiste o Sr. Concelleiro D. Romas Vilariño Fidalgo.*

**1.- CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

Estando todos presentes a excepción de D. Tomás Vilariño Fidalgo, que se incorporou no punto 9, pola Presidencia declarouse validamente constituída a Xunta de Goberno Local.



## **2.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

**2.1.-** Acordouse modificar a licenza de primeira ocupación parcial concedida a **ALJORFEMA, S.L.** por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 12/05/15, para un edificio de dous sotos, planta baixa, entreplanta, tres plantas e baixo cuberta, para 17 vivendas, sito na rúa Areal, 26, de Lalín (**exp. 3950/06**).

Así mesmo, acordouse **aprobar a liquidación** practicada pola Intervención municipal de data 04/05/15 en concepto de taxa por 1ª ocupación por importe de 2.870 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

Igualmente, **aprobar a liquidación complementaria** practicada pola Intervención municipal de data 22/06/15 en concepto de taxa por 1ª ocupación por importe de 280 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

## **3.- LICENZA DE OBRA.**


**3.1.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.** para a execución do proxecto denominado “cambio de sección **LAL 812-RÚA 53-Nº SGD: 248314020047**”-Lalín (**exp. 7697/14**).

Así mesmo acordouse **aprobar a liquidación** practicada pola Intervención municipal de data 11/06/15, en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por importe de 234,06 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

Igualmente, consta a constitución de aval, na Tesourería Municipal, por importe de 1.000 euros, en data 27/04/15.

## **4.- LICENZA DE ACTIVIDADE.**

**4.1.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE ACTIVIDADE** a **GANDEIRIA LORENZO VILAMEÁ, S.C.** para **legalización e ampliación de explotación de vacún, na parcela denominada “Cruces e Pena”, con referencia catastral rústica 36024A114003020000BA, sita preto do lugar de Froxán, parroquia de Castro de Cabras-Lalín (exp. 7150/13).**



## **5.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.**

**5.1.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE SEGREGACIÓN A D<sup>a</sup>. M.<sup>a</sup> DEL MAR SILVA TOIMIL** dunha parcela con referencia catastral **8063528NH6286S0001LO**, sita en **Pedrouzos–Bendoiro-Lalín (exp. 7711/14)**.

Así mesmo, acordouse **aprobar a liquidación** practicada, pola Intervención municipal con data 01/06/2015 en concepto de taxa pola expedición de licenza de segregación, por importe de 120,20 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

**5.2.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE SEGREGACIÓN A D. JOSÉ ANTONIO LÓPEZ ALVARELLOS**, dunha finca con referencia catastral **3739814NH7233N0001SA**, sita na **Avda. de Rodeiro, 51-Lalín (exp. 7879/15)**.

## **6.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.**

**6.1.-** Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS PRESENTADA POR D<sup>a</sup>. MARÍA FLORA PALLARES PENELA** para **acondicionamento interior** dunha vivenda no **Barrio de Abaixo, 18, Lalín (exp. 7901/15)**.

Así mesmo, acordouse **aprobar a liquidación** realizada pola Intervención Municipal de data 17/06/15 por importe de de 279,77 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

**6.2.-** Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS PRESENTADA POR UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.** para **canalización de 27 metros de lonxitude en Outeiro, 35-Filgueira-Lalín (exp. 7897/15)**.

Así mesmo, acordouse **aprobar a liquidación** realizada pola Intervención Municipal de data 09/06/15 por importe de de 54,50 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe. Tamén consta a constitución de aval con data 24/06/15, por importe de 1000 euros.

## **7.- INFORME URBANÍSTICO.**

**7.1.-** Acordouse **aprobar o informe** emitido ao efecto polo enxeñeiro técnico de



Secretaría Xeral

obras públicas municipal, de data 18 de maio de 2015, a petición de **D<sup>a</sup>. María Jesús Canda Couto**, relativo á titularidade dun camiño no Lg. de Canda, 8–Vilanova–Lalín (exp. 7858/15).

Así mesmo, acordouse **aprobar a liquidación** practicada pola Intervención municipal en concepto de taxa por expedición de certificación urbanística por importe de 100 euros. Consta no expediente o ingreso realizado o día 29/05/15 na Tesourería municipal polo concepto e importe detallado no parágrafo anterior

## **8.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

**8.1.-** Acordouse **adxudicar o contrato de servizos denominado “SERVIZO PARA DESENVOLVER O PROXECTO DOS CAMPAMENTOS DEPORTIVOS-2015 DO CONCELLO DE LALÍN” (CSE052015)**, á empresa **EDUVÍA, XESTIÓN, CULTURA E LECER, S.L.**, por un importe de 19.500,00 €, máis a partida de 1.950,00 € correspondente ao IVE, resultando un importe total de 21.450,00 €, por ser a oferta economicamente máis vantaxosa e que cumpre cos requisitos establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prego de Prescricións Técnicas que rexen esta licitación, e notificarlle o presente acordo aos licitadores, así como ao adxudicatario, para que proceda a asinar o correspondente contrato, facultando ao Sr. Alcalde ou Concelleiro Delegado, no seu caso, tan amplamente como sexa preciso, co obxecto de levar a bo fin o presente acordo.

**8.2.-** Acordouse **iniciar o expediente de contratación denominado “SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO DEPORTIVO PARA O LALÍN ARENA” (CSU022015)**, mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración, con orzamento máximo de licitación de 29.997,19 € (IVE incluído) e un prazo de execución de 15 días, aprobar o expediente de contratación, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e os seus Anexos e o Prego de Prescricións Técnicas e incorporar os devanditos documentos ao expediente, e autorizar o gasto por importe de 24.791,07€ máis a partida de 5.206,12€ correspondente ao IVE, con cargo á aplicación orzamentaria 342.629.00.

*Neste intre incorpórase a sesión D. Tomás Vilariño Fidalgo, sendo as 19:53 horas.*

## **9.- EXPEDIENTES DE CANCELACIÓN DE FIANZAS.**



**9.1.-** Acordouse **proceder á devolución e cancelación da fianza** depositada na Tesourería Municipal pola **Comunidade de Propietarios Rúa da Ponte, núm. 5** como garantía para responder da obra denominada “*Conservación e mantemento da fachada*”, por importe de **2.500 euros**.

**9.2.-** Acordouse **proceder á devolución e cancelación do aval** depositado na Tesourería Municipal pola **Empresa Taboada y Ramos S.L.** como garantía para responder da obra denominada “*Limpeza de canelóns con máquina elevadora en rúa Principal 19*”, por importe de **6.640,50 euros**.

## **10.- EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA.**

**10.1.-** Acordouse desestimar a petición realizada por interesado en relación á tularidade do parcela número 20 das do expediente de **EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A CONSTRUCCIÓN DO NOVO COMPLEXO SANITARIO ASISTENCIAL SG-EQ (Centro de Alta Resolución, Ambulatorio e Punto de Atención Continuada) E DE TERREOS DOTACIONAIS COLINDANTES**, aos efectos de determinar o titular do pago, no senso de que da documentación aportada non pode deducirse de forma clara e inequívoca dita tularidade.

Así mesmo, acordouse **confirmar a liquidación e acto administrativo recurrido**, co importe derivado do mutuo acordo expropiatorio, 1.665,20 €, depositado na Caixa Xeral de Depósitos, ata que quede acreditado de forma fehaciente a propiedade da parcela mencionada.

## **11.- EXPEDIENTES DE RECLAMACIÓN FISCAIS.**

**11.1.-** Acordouse **estimar a reclamación** formulada por D. José Fernández Méijome, aceptando de plano o desistimento da solicitude de licenza de obra para a construción de vivenda unifamiliar en rúa 5, Lalín (Expte. nº 4955/08), e proceder á devolución de 663,94 € abonados en concepto de liquidación provisional do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

**11.2.-** Acordouse **desestimar a petición** formulada pola Subcomunidade de Propietarios de Garaxes Edificio Pontillón, sito na rúa das Nogueiras, núm. 1, Lalín, en relación á revisión da concesión da licenza de vado e a taxa aplicable ao mesmo, fundamentando na inexistencia de beirarrúa e no feito de que esté previsto nunha rúa de



Secretaría Xeral

primeira categoría, e en base ao informe emitido con data 26 de xuño de 2015, pola Técnica de Tesourería.

Así mesmo, acordouse confirmar a liquidación e o acto administrativo recurrido.

## **12.- FACTURAS E CONTAS.**

**Primeiro.-** Consta no expediente informa da Sra. Interventora Municipal de data 6 de xullo de 2015, onde pon as seguintes observacións as seguintes facturas:

Material de fontanería departamento obras	Suministro Integral de Agua, S.L.
Material reparación vías públicas.	Castro Senra S.L materiales de construción.

Estas facturas están informadas e fiscalizadas en desconformidade sen efectos suspensivos e coa recomendación de que se tramite os expedientes de contratación de subministrados no futuro.

**Segundo.-** Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe total de **62.107,40 €**.

## **13.- RENDICIÓN DE CONTAS.**

**13.1.-** Acordouse **aprobar a conta** que rende D. Celso Taboada Lorenzo, Técnico de Igualdade do Concello de Lalín, relativa á orde de pagamento “a xustificar”, que lle foi expedida por Decreto da Alcaldía do 16 de xuño de 2015, por importe de **586,86 euros**.

## **14.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**14.1.-** Acordouse **resolver o Convenio** asinado con data 28 de xuño de 2007, entre o Patronato do Centro Asociado da UNED en Pontevedra e este Concello de Lalín, para a creación dunha Aula do Centro Asociado de Pontevedra dentro deste termo municipal, con efectos do 1 de xullo do ano en curso, co conseguinte peche de dita aula. No caso de que non sexa posible, denunciar o convenio co fin de resolver o mesmo antes do inicio do curso 2016-2017 e notificar este acordo ó Presidente da Xunta Rectora do Patronato do Centro Asociado de Pontevedra á UNED.

Así mesmo, acordouse **proceder á implantación dun sistema de bonos de transporte** público para o desprazamento en autobús dos estudantes deste municipio a outros centros asociados á UNED máis pretos.



**14.2.-** Acordouse aprobar a concesión de tres axudas de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade (aloxamento) polos importes de 150 € e outra de 180 € polo mesmo concepto .

Así mesmo, acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade (subministro eléctrico) por importe de 60,22 €.

**14.3.-** Acordouse aprobar a redución voluntaria do número de horas no Servizo de Axuda no Fogar para unha persoa en situación de dependencia.

Así mesmo, acordouse aprobar a ampliación do número de horas no Servizo de Axuda no Fogar modalidade para unha persoa en situación de dependencia.

## **15.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**15.1.-** Dáse conta do escrito presentado polo **Grupo de Baile e Música Tradicional A Carballeira de Cercio**, no que solicitan autorización municipal para o uso do Pavillón de Cercio para a celebración dun evento cultural que terá lugar o sábado día 18 de xullo de 2015. Así mesmo solicitan o uso do pavillón os días 9, 10, 11 de xullo para ensaios a partir das 20:30 horas e a semana completa do 13 ao 19 de xullo para ensaios e loxística e que se lle faciliten 150 sillas. Acordouse **acceder ao solicitado**.

**15.2.-** Acordouse **conceder autorización municipal** á Parroquia Ntra. Sra. De los Ángeles Fuentes de León, Badajoz, para a pernoctación dun grupo de 30 peregrinos o día 15 de xullo de 2015.

**15.3.-** Acordouse **conceder autorización municipal** á Provincia de Marista de Compostela, para pernoctar en Lalín un grupo 60 persoas o día 26 de xullo de 2015.

**15.4.-** Acordouse **conceder autorización municipal** á D. Luís Lara Molina, para a pernoctación dun grupo de 15 persoas o día 28 de xullo de 2015.

**15.5.-** Dáse conta do escrito presentado por D. Manuel Varela Rielo, propietario de “Bodegón O Petisco”, situado na rúa Areal, núm. 66 de Lalín, no que solicita autorización municipal para colocar sinalización de prohibido o aparcamento diante da fachada do citado local dende as 10:00 horas da mañá do día 18 de xullo ata as 3:00 horas da madrugada do día 19 de xullo e a colocación e retirada por parte de protección civil dos valados necesarios para a celebración do 10º Aniversario de dito local. Acordouse **acceder ao solicitado, e**



Secretaría Xeral

**comunicarlle ó solicitante que non debe de invadir a calzada.**

**15.6.-** Dáse conta do escrito presentado por D<sup>a</sup>. Cecilia Doporto Regueira no que solicita permiso para poder consultar os arquivos do Concello de Lalín e do Museo de Lalín así como poder facer fotocopias, para publicar na súa tese doutoral coa finalidade de esclarecer todas as facetas da vida profesional e persoal do científico. Acordouse **acceder ao solicitado**.

**15.7.-** Dáse conta do escrito presentado por D<sup>a</sup>. María José Fraga Surribas, no que solicita autorización municipal para realizar unha reportaxe fotográfica no “Pazo de Liñares” en Prado o día 17 de agosto de 2015, con motivo da celebración do seu enlace matrimonial. Acordouse **acceder ao solicitado**.

**15.8.-** Dáse conta do escrito presentado por D<sup>a</sup>. Isabel Crespo Feáns, no que solicita autorización municipal para a celebración do *I<sup>o</sup> Masterclass de Zumba* o día 12 de xullo de 2015 a partir das 19:00 horas na Praza de Galicia. Acordouse **acceder ao solicitado**.

**15.9.-** Dáse conta do escrito presentado pola **Asociación MEDRAR 2.0**, no que solicita a cesión dun local municipal para a dita Asociación. Acordouse deixar sobre a mesa este asunto para **estudar a dispoñibilidade actual dos locais municipais**.

**15.10.-** Dáse conta do escrito presentado por Cooperativas Agro-alimentarias de España, no que solicitan un local apto para a impartición dunha Xornada de difusión fichas de investigación ISSGA accidentes laborais e enfermidades profesionais no sector agrario, organizada polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral-ISSGA, prevista no Concello de Lalín para o día 3 de setembro de 2015, en horario de 10:30 a 14:30 horas e con capacidade para 25 alumnos. Acordouse **acceder ao solicitado** concedéndolle o local Salón Teatro do Auditorio Municipal de Lalín.

**15.11.-** Dáse conta do escrito presentada por **D. Manuel Barcala Areán**, no que solicita que se lle facilite copia simple do antigo Plan de Urbanismo de Lalín do ano 1965. Acordouse **acceder ao solicitado** levando o documento á Copistería ARUME para que o solicitante poida facer as fotocopias, pagándoas cos seus propios medios.

**15.12.-** Acordouse **corrixir o** erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 1 de xuño de 2015, punto 5.2.

=====

